

DOCUMENTACIÓN SOBRE A REPRESIÓN EN SAN SIMÓN

(A Colonia Penitenciaria)

- **Aillados.** (Documental en DVD).

- Realizador: Antonio Caeiro
- Producción: Buxoproduccións
- Duración: 59 minutos

- Sinopse:

O documental ofrécenos en imaxes a historia da Colonia Penitenciaria do Lazareto de San Simón, contada polos propios presos en entrevistas realizadas a finais da década dos oitenta e nos anos noventa.

Co acompañamento dunha voz en off e as testemuñas dos reclusos, preséntasenos como logo de pasaren polos calabozos de prisións como Vigo, Pontevedra ou distintas vilas, as autoridades militares franquistas toman a decisión de albergar na Illa de San Simón un grande campo de concentración e cárcere, entre outubro de 1936 e 1943.

Os ex-convictos narran a súa vida durante estes anos, como se distribuían e as pésimas condicións de alimentación e aloxamento.

- **Aillados.** *A memoria dos presos de 1936 na illa de San Simón.*

- Autores/as: Antonio Caeiro, Juan A. González e Clara M^a. de Saa.
- Edicións Ir Indo, colección *a franga investigación*, 2^a edición, novembro de 2000. 295 pax.

- Sinopse:

Proxecto planeado coa metodoloxía de Historia oral, a Historia contada polos seus protagonistas; centos de horas gravadas coa voz dos que padeceron a traxedia, fotografías tiradas clandestinamente polos presos, debuxos, poemas, diarios... Todo o material recollido e sistematizado até se converter neste libro que non devolve as esperanzas mortas, mais achega luz nas tebras da memoria.

- **Catros anos a bordo dunha Illa.** *Memoria dun preso en San Simón.*

- Autor: Evaristo A. Mosquera.
- Edicións A Nosa Terra. Colección *O Fardel da Memoria*. Tradución para o galego, 2006. 110 pax.

- Sinopse:

O penal instalado en 1936 polo exército español na Illa de San Simón foi con moito un dos máis sinistros dos administrados polos militares que se alzaron contra a orde constitucional da IIª República. Miles de presos pasaron por esta illa da Ría de Vigo e a centos deles custoulles a vida. Mortes por fusilamento, por sacas ou a causa das inhumanas condicións do presidio.

De entre todos os testemuños que fican escritos sobre a represión que viviron os encarcerados neste illa destaca o de Evaristo A. Mosquera. Un galeguista que se xuramentou para deixar escrita aquela crúa verdade que viviu con tantos compañeiros. Páxinas intensas e directas desde as que se nos desvela a estratexia de terror que os militares golpistas e os seus aliados dereitistas e relixiosos tenderon sobre o conxunto das forzas políticas que representaban o obreirismo, o galeguismo e os valores republicanos.

- **Episodios de terror duante a Guerra civil na provincia de Pontevedra.** *A illa de San Simón.*

- Autores: Gonzalo Amoedo López e Roberto Gil Moure.
- Edicións Xerais de Galicia. Colección *Crónica*, 2007.

- Sinopse:

É un libro de pescuda, de síntese e de recuperación da nosa memoria histórica. Os autores sintetizan todo o que se leva escrito até o de agora sobre o período da Guerra Civil na provincia de Pontevedra, centrando o libro arredor do campo de concentración de San Simón e a súa colonia penitenciaria.

Recupera máis de catro mil nomes de perdedores da Guerra Civil, incorporando tamén os nomes das persoas que asinaron as sentenzas ou os das que, segundo os testemuños orais e as investigacións, actuaron como asasinados nas estradas. Este libro recrea os terribes momentos dos paseos e os paseadores; o papel dos militares; unha visión sobre os campos de concentración de Galiza, cunha descrición detallada de San Simón; o papel da Igrexa católica; a solidariedade do pobo; a reparación dos danos morais.

- **As Illas de San Simón.** *Aproximación á súa historia.*

- Autor: José Antonio Orge Quinteiro.

- Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra. 3ª edición en castelán, 2002. 198 pax.

- Sinopse:

O autor documenta unha panorámica xeral xeo-histórica do arquipélago de San Simón: desde a Idade antiga, pasando pola Idade Media, a moderna e a contemporánea, para facer unha extensa parada aquí nos dous máis relevantes usos da Illa: o Lazareto Marítimo a partir de 1838 e o Cárcere, este desde 1936. Para finalizar coas derradeiras utilidades e eventos realizados nela até finais do século XX.